


Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**Os reloxos de auga**

As clepsidras ou reloxos de auga inventáronse na época dos exipcios, hai moitísimos anos. Usábanse sobre todo durante a noite, cando os reloxos de sol non podían funcionar.

As clepsidras estaban formadas por dous recipientes, un na parte de arriba, cun burato pequeno, e outro na parte de abaixo. O de arriba enchíase de auga, e esta saía gota a gota polo buratiño e caía ao recipiente de abaixo, que estaba marcado con varias raias. Cada raia indicaba a cantidade de tempo transcorrido.



A clepsidra utilizábase, por exemplo, para contar as longas horas que debía pasar un soldado facendo garda no palacio do faraón. Tamén se usaba nos xuízos para controlar o tempo que podía estar falando unha persoa.




**1** A que época pertencen estes reloxos? Arrodea coa cor que corresponda.

 verde

época dos exipcios

 azul

época actual



► Agora escribe o número que corresponde a cada debuxo.

reloxo de agullas

reloxo de sol

reloxo de auga

reloxo dixital